

Á Sombra de Bouza Panda

V XORNADAS DE LITERATURA DE TRADICIÓN ORAL: “Os mouros e as mouras: máxicos enigmáticos da mitoloxía popular”

Publicado o 17 Outubro 2012 por asombradebouzapanda

Este venres 19 estaremos en Lugo para falar de mouros e mouras nas V Xornadas de Literatura e Tradición Oral. Dende aquí o meu agradecemento ós organizadores por convidarme a participar en tan interesante proxecto que é un dos foros máis consolidados e prestixiosos para divulgar e dar a coñece-lo noso patrimonio inmaterial.

Aquí vos deixo o programa destas xornadas e o texto de presentación. Vémonos alí!!


V KORNADAS DE LITERATURA DE TRADICIÓN ORAL

Os mouros e as mouras: máxicos enigmáticos da mitoloxía popular

19-20 outubro 2012

Salón de actos da
Deputación de Lugo
Rúa San Marcos, 8

Entrada de balde



MATRÍCULA

www.as-pg.com
ou www.aelg.org

HOMOLOGACIÓN

Solicitada á Consellería
de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria
por 10 horas

PREZOS

Matrícula gratuita,
preferente para socios/as
da AS-PG e AELG

ORGANIZACIÓ



asociación de
escritores
en lingua galega
www.aelg.org

PATROCINACIÓ



DEPUTACIÓN DE LUGO
GOBERNAMENTO LOCAL



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Imaxe cartaz: "A moura", ilustración de Lázaro Enriquez para o Dicionario dos seres míticos galegos, Edicións Xerais de Galicia.

V XORNADAS DE LITERATURA DE TRADICIÓN ORAL

"Os mouros e as mouras: máxicos enigmáticos da mitoloxía popular"

Lugo, 19-20 outubro 2012

Salón de actos da Deputación de Lugo

Entrada de balde

PROGRAMA

19 de outubro, venres

- 17.00 h. ACTO DE INAUGURACIÓN
- 17:15 h. CONFERENCIA: *Mouros e mouras. Na procura de nós mesmos*, **Rafael Quintía**
- 18:30 h. CONFERENCIA: *Mouros históricos e mouros míticos: dualidades e complementaridades*, **Alexandre Parafita**
- De 20:00 a 21:00 h. MESA REDONDA:
Imaxinarios compartidos, historias separadas, **Rafael Quintía e Alexandre Parafita**
Modera: **Antonio Reigosa**

20 de outubro, sábado

- 10:00 h. CONFERENCIA: *Mouras e mulleres: as imaxes femininas na mitoloxía popular galega*, **Mar Llinares**
- 11:30 h. CONFERENCIA: *Os mouros e os seus tesouros no imaxinario popular asturiano*, **Jesús Suárez López**
- De 13:00 a 14:00 h. MESA REDONDA: *Mito e realidade: sexo e poder na cultura popular*, **Mar Llinares e Jesús Suárez López**
Modera: **Isidro Novo**
- 16:30 a 18:30 SEMINARIO DE CONCLUSIÓNS: Unha sesión práctica na que –mediante o diálogo, a intervención e participación de Relatores/as, asistentes e organizadores– se poñen en común os coñecementos adquiridos sobre o tema. Atenderanse aspectos como a didáctica e a investigación, así como a narración de lendas relacionadas con mouros e mouras.
Moderan: **Isidro Novo** e Antonio Reigosa

• MATRÍCULA

<http://www.as-pg.com> <http://www.as-pg.com>) ou <http://www.aelg.org> (<http://www.aelg.org>)

• HOMOLOGACIÓN

Solicitada á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por 10 horas

• PREZOS

Matrícula gratuíta, preferente para socias/os da AS-PG e AELG

TEXTO DE PRESENTACIÓN DAS XORNADAS

Moitas e moitos, sobre todo aqueles que temos algún tipo de vincello coa Galicia rural, nos

viñemos preguntando desde ben pequenos quen eran esas mouras e esas mouros dos que tanto nos falaban os vellos. A moura, diciánnos, fía, asolla o ouro que posúe, lava, tende, pode ser vella e xigante, aínda que case sempre é nova e boa moza. Está encantada e encanta, pois ofrece amor e riqueza a aquel que ouse desencantala.

Os mouros son os construtores, ou iso se di, de case todo o que nos deixou o pasado: castros, mámoas, petróglifos, castelos, túneles ..., viven so a terra que nós pisamos, teñen moito ouro e poden agasallar con el ao afortunado que se cruce no seu camiño.

En Galicia existen infinidade de topónimos relacionados con penedos, fontes, pozos, pontes, outeiros e, en xeral, case todos aqueles lugares con pegadas dos nosos devanceiros ... que “deberon” pertencer a algún mouro ou a algunha moura.

Mais, quen veñen sendo esas mouras e eses mouros? Serán as pegadas que se agochan na memoria colectiva de antiquísimas deidades? Serán os espíritos dos nosos devanceiros mortos? Serán un paradigma de nós mesmos, un retrato do ideal que anxeamos e non dámos acadado? E por lle chamamos mouras e mouros se quen os viu os describe coa figura dun humano, aínda que máis feita, de pel branca e beleza delicada?

Os mouros e as mouras non son coma nós, son seres míticos, máxicos e enigmáticos, pertencentes a unha realidade, ou dimensión, diferente á nosa, dos que sempre falamos cunha mestura de medo e respecto, a medio camiño entre a incredulidade e a esperanza na súa verdadeira existencia.

Os múltiples traballos de recompilación realizados ata o de agora por diferentes investigadores en épocas distantes achégannos retratos bastante precisos sobre onde moran, que fan ou que comen, como visten, cómo van e veñen, gustos, afeccións, habilidades, que artes e maxias dominan ... e tamén os males que os afectan, as penas que os deprimen ... Reflicítese neles todo o humano, pero non son humanos, así que nos seguimos preguntando, quen veñen sendo esas mouras e eses mouros?

Sempre que un mouro ou unha moura tratan algo con un humano, aparecen dúas condicións que para eles son innegociables: hai que gardar o segredo e hai que cumprir o acordado. Mais o humano, ou sexa nós, cada un de nós, endexamais somos quen de cumprir ese mandado.

Será por iso, polo que non acabamos de entender en realidade quen son eses mouros e esas mouras?

Só os poñentes que interveñen nestas V Xornadas de Literatura Oral, que son todos eles especialistas moi recoñecidos tanto en Galicia, como en Portugal e Asturias, son quen de darnos as respostas precisas. Só eles son quen de desvelarnos o misterio que envolve a figura destes máxicos enigmáticos que chamamos mouros e mouras.



19 de outubro, venres

- **17.00 h. ACTO DE INAUGURACIÓN**
- **17:15 h. CONFERENCIA**
Mouros e mouras. Na procura de nós mesmos
Rafael Quintía
- **18:30 h. CONFERENCIA**
Mouros históricos e mouros míticos: dualidades e complementariedades
Alexandre Parafita
- **De 20:00 a 21:00 h. MESA REDONDA**
Imaxinarios compartidos, historias separadas
Rafael Quintía e Alexandre Parafita
Modera: **Antonio Reigosa**



20 de outubro, sábado

- **10:00 h. CONFERENCIA**
Mouras e mulleres: as imaxes femininas na mitoloxía popular galega
Mar Llinares
- **11:30 h. CONFERENCIA**
Os mouros e os seus tesouros no imaxinario popular asturiano
Jesús Suárez López
- **De 13:00 a 14:00 h. MESA REDONDA**
Mito e realidade: sexo e poder na cultura popular
Mar Llinares e Jesús Suárez López
Modera: **Isidro Novo**
- **16:30 a 18:30 SEMINARIO DE CONCLUSIÓN**
Unha sesión práctica na que –mediante o diálogo, a intervención e participación de relatores/as, asistentes e organizadores– se poñen en común os coñecementos adquiridos sobre o tema. Atenderanse aspectos como a didáctica e a investigación, así como a narración de lendas relacionadas con mouros e mouras.
Moderan: **Isidro Novo e Antonio Reigosa**

• **MATRÍCULA**

www.as-pg.com ou www.aelg.org

• **HOMOLOGACIÓN**

Solicitada á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por 10 horas

• **PREZOS**

Matrícula gratuita, preferente para socias/os da AS-PG e AELG